

**RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE
SUSPENDEN TEMPORALMENTE AS
MEDIDAS RELACIONADAS CO PAGO DE
PREZOS PÚBLICOS ESTABLECIDAS NA
RESOLUCIÓN REITORAL DE 12 DE XULLO
DE 2019**

Vista a Resolución Reitoral do 13 de marzo de 2020, na que se acorda suspender as actividades académicas na Universidade de Vigo.

Vista a Resolución Reitoral de 14 de marzo de 2020 de peche temporal de instalacións, centros e servizos na Universidade de Vigo en aplicación do Real Decreto 463/2020 do 14 de marzo polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

É polo que, en virtude das atribucións conferidas polos Estatutos da Universidade de Vigo aprobados por Decreto 13/2019 (DOG do 22 de febreiro de 2019),

ESTA REITORÍA RESOLVE

Primeiro.- En aplicación do disposto na disposición adicional terceira do RD 463/2020 do 14 de marzo **interrómpese desde o 14 de marzo o prazo de pagamento das follas de liquidación de matrícula vixentes nesa data**, polo que non se aplica aos importe non aboados o incremento contemplado no punto 7.1 da normativa económica de matrícula (RR de 12 de xullo). O cómputo do prazo de pagamento renovarase no momento en que perda vixencia o RD ou as súas prórrogas.

Segundo.- Mentres dure a situación de alerta e para garantir que o alumnado teña acceso aos contidos de docencia virtual previstos polas autoridades académicas substitutivos da docencia presencial, **suspéndese a limitación de acceso á secretaría virtual** establecida no punto 7.1 da normativa económica de matrícula para o alumnado afectado pola limitación.

Vigo, 27 de marzo de 2020

O REITOR,